

Caracas ¹⁴ de agosto de 1972

Querido Vaamonde:

Chegoume fai xa tempo a carta túa que, como todas as que me escribes, foi recibida con agarimo e agradecemento, porque ademais de traquerme noticias frescas sírvenme pra manter, a traveso de ti, un contacto vivo coa mocidade, cuias inquedanzas e pensamentos non quero perder de vista nunca.

Sinto as cousas que me contas en col do voso grupo musical, pro é lei de vida que eso ocorra tarde ou cedo. Teredes que entregarlle o facho a outros rapaces pra que iles continúen a laboura, e vós, onde queira que vos leve a vida, non debedes esmorecer no voso amor a Terra, formulado non na metafísica da saudade sinon en ideas choerentes e craras.

Teño, nefeu to, intención de regresar a España pra radicarme en Madrí, pro por diversas razóns a data do regreso tiven que adiala. Pode que denantes do retorno definitivo faga un viaxe de 15 días pra "esplorar" as cousas, pois a xente que ~~ven~~ de ahí tenme un pouco asustado polo incremento dos precios i a carestía da vida. De facer iste viaxe, sería, mais ou menos, pra setembro, pois neste intre non me é posíbel por razóns de traballo.

Alédame que o libro vaia pra diante, e vou a ver si teño tempo pra ampliar o traballiño que fai tempo che mandei, mellor que facer outro novo.

Iste ano, as dúas sociedades galegas de Caracas celebraron con grandes jolgorios as súas "Fiestas de Verano" (eiquí é vrau todo o ano) co gallo de "Santiago Apostol". Foi un alarde de fogueteiría, danzas, gaitas e concursos de empanadas. O día 25 de xulio, as paredes das dúas entidades i os seus arredores apareceron izadas de afiches que decían: "Mentras vós vos divertides, Galicia desángase na emigración e na probeza".

Sinto grandemente o percance de Moscoso.

Unha cordial aperta de

